

ESTADÍSTICA. COMO ELABORAR UNHA ENQUISA

ACTIVIDADE 1. NACEMENTOS

Obxectivos:

- ◆ Manexar ficheiros de microdatos.
- ◆ Determinar o tamaño dunha mostra.
- ◆ Seleccionar mostras seguindo distintos procedementos de mostraxe.
- ◆ Obter estimacións

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Coñecementos básicos de estatística descritiva e probabilidade
- ◆ Saber manexar a folla de cálculo

Cuestións a resolver:

- 1) Co ficheiro completo de microdatos de nacementos responde as seguintes preguntas:
 - a. ¿Cal é o peso medio dos recién nacidos en Galicia?
 - b. ¿Cal era a idade media das nais que tiveron un fillo en 2012
 - c. Completa o seguinte cadro:

Nacionalidade	Número de nacementos	Porcentaxe de nacementos
Española
Estranxeira
Total	20.244	100%

- d. ¿Que porcentaxe de nacementos foron prematuros?
- e. ¿Cal foi o peso medio dos nenos que naceron a termo ? E, ¿o dos prematuros?

2) A partir dunha mostra tomada do ficheiro de microdatos pescuda:

- a. ¿Que tamaño de mostra se precisa para que a estimación da proporción de nenos prematuros non difira máis de 0,1 do verdadeiro valor?
- b. ¿Cal é a estimación do peso medio obtida a partir dos datos da mostra? E, ¿a idade media das nais?
- c. Deseña un procedemento de mostraxe estratificada. A variable que se utilizará para a estratificación é a nacionalidade da nai e o tamaño de mostra será o mesmo nos dous estratos. Completa o seguinte cadro:

Nacionalidade	Número de nacementos	Peso do estrato	Tamaño da mostra	Estimación da idade media das nais
Española
Estranxeira
Total	20.244	100%	96	...